


Cor e sexo nos mexillóns, cuestión de gusto



A intensidade da cor laranxa da vianda do mexillón determina o seu grao de aceptación nas cociñas do mundo. As femias presentan a coloración laranxa máis intensa. A xenética permite seleccionar femias que produzan ou só machos ou só femias, facilitando a súa comercialización en distintos países.



Ángel Pérez Diz

Profesor Titular na área de Xenética da Universidade de Vigo interesado en diferentes aspectos da bioloxía evolutiva e reprodutiva, por exemplo coñecer as consecuencias funcionais das mudanzas xenéticas, os mecanismos moleculares subxacentes á adaptación e especiación, aspectos básicos sobre a reprodución e mecanismo de illamento reprodutivo en organismos mariños utilizando para iso análises xenómicas, transcriptómicas e proteómicas.

José Arcas

Doutor en Bioloxía e artista autodidacta da natureza. Aínda que me interesa a natureza na súa totalidade, centro o meu traballo como artista nas aves e na acuarela, e tamén me fascinan outros grupos animais como os mamíferos e outras técnicas pictóricas como o óleo.

Dentro do extenso mundo das aves, teño especial predilección polas aves costeiras, xa que a miña formación académica centrouse na vida destes ecosistemas. Debuxei, tamén, fora do noso país, en lugares que me atraeran moito desde sempre como Quenia, o mar de Wadden, Italia e Portugal.